
R1 DO-0202

Plan de Promoción do Centro

**Informe Anual de Promoción das titulacións
do centro
Curso 2022 – 2023**

Aprobado en Comisión de Garantía Interna de Calidade o 20/11/2023

Vigo, a 20 de novembro de 2023

Guillermo García Lomba
Coordinador CGIC

O obxectivo do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME) é establecer a sistemática que permita ao centro planificar, organizar e avaliar de forma adecuada as accións de divulgación da súa oferta formativa. Este Plan ten un carácter anual e ten como obxectivo fundamental o de ofrecer ao estudantado potencial información directa sobre as características das titulacións da EME.

Este Informe Anual de Promoción do Centro recolle o conxunto de accións realizadas durante o curso 2022-2023.

O responsable da execución do Plan de Promoción é a persoa Coordinadora de Difusión do Centro. Cabe indicar que o Coordinador de Difusión hasta o 1 de xaneiro de 2023 foi José Santiago Pozo Antonio. Dende esta data substitúeo nestas labores Raquel Pérez Orozco. As súas funcións son:

- Avaliación anual das actividades planificadas, recompilando e arquivando as evidencias xeradas á finalización do curso académico e que se resume neste documento, *Informe Anual de Promoción do Centro, Curso 2022-2023*. O devandito seguimento debe ser aprobado pola Comisión de Garantía de Calidade e pola Xunta de Escola.
- Remitir á Comisión de Garantía de Calidade do centro a proposta do Plan de Promoción para o curso 2023-2024. Dita proposta debe ser aprobada pola devandita comisión así como pola Xunta de Escola ao inicio do curso académico.
- Distribuír as actividades de Promoción entre os membros da Comisión de Difusión, o Equipo Directivo e o profesorado do centro.

Informe da persoa Coordinadora da Comisión de Difusión das titulacións impartidas na EME CURSO 2022-2023

Seguindo a tendencia habitual dos cursos académicos previos á pandemia, no 2022-2023 a EME estivo presente en 76 centros educativos de educación secundaria, bacharelato e FP de Galicia realizando diferentes actividades de divulgación científica e promoción da oferta formativa do centro que organiza e nas que participa.

En xullo do 2022 e xaneiro do 2023, a EME enviou cartas (en ANEXO I) tanto por correo ordinario como a través de e-mail a todos os IES e Bacharelato da comunidade co fin de darlle visibilidade ás titulacións do centro:

- Grao en Enxeñaría da Enerxía
- Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Mestrado universitario en Enxeñaría de Minas.

Este Informe Anual do Plan de Promoción do curso 2022-2023 presenta a seguinte estrutura:

1. Actividades nas que persoal da EME visita os centros educativos.
2. Actividades nas que os centros educativos ou público xeral visitan a EME.
3. Participación en Feiras de Orientación Universitaria.
4. Participación en outros eventos de divulgación científica
5. Proxecto “*A Caixa Sostible*”
6. Recursos materiais de promoción e divulgación
7. Concursos organizados pola EME
8. Revista MATERIA PRIMA
9. STEM Bach
10. INSPIRA STEAM
11. Redes sociais
12. MINERXÍA III, a revista da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
13. Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2022-2023

1 Actividades nas que persoal da EME visita os centros educativos

1.1 Conferencias de divulgación científica e/ou tecnolóxica e sesións informativas sobre a oferta formativa do centro

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/charlas-monograficas/>

Os centros de educación primaria, secundaria e bacharelato poden solicitar á EME calquera das conferencias ofertadas, de maneira que un/unha profesor/a da EME, acompañado/a nalgúns casos dun ou dunha estudante dos últimos cursos dos graos, se despraza ao centro interesado. Durante 1 hora realízase a exposición sobre o tema solicitado. Para facer máis interesante a exposición, a persoa docente tenta acompañar a súa exposición con actividades manipulativas. En todas as actividades se fai referencia ás titulacións da EME, especialmente aos graos. Ademais, os centros poden solicitar unha conferencia non ofertada sempre e cando estea relacionada con enerxía, materiais, minería e medio ambiente. As conferencias impartidas no curso 2022-2023 foron:

A) **Sesión informativas sobre a oferta formativa do centro** (nivel grao) (duración: 20 minutos)

- Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos
- Grao en Enxeñaría da Enerxía

B) **Conferencias temáticas** (duración: 50 minutos)

- Materiais intelixentes e outras aplicacións
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia e España
- Aplicacións da termografía infravermella no campo dos recursos naturais e medio ambiente
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos mineiros
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Conservación do *street art* (dirixida a estudantes de química, ciencias da terra e xeoloxía)
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial
- A chispa azul: a enerxía do mar
- A muller na enxeñaría
- Arte e ciencia, un modelo de simbiose
- A pegada de carbono e as renovables

Un total de 47 centros solicitaron que o persoal da EME os visitase e 54 conferencias foron impartidas, chegando a 2637 alumnos e alumnas de educación secundaria e bacharelato. As conferencias realizadas polo persoal da EME en centro de educación secundaria e bacharelato durante o curso 2022-2023 recóllense na Táboa 1.

Táboa 1: Conferencias impartidas en centros de primaria, secundaria e bacharelato no curso 2022-2023

Data	Centro	Conferencia	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
21/09/2022	IES Pedro Floriani de Redondela	Conservación do patrimonio cultural	Santiago Pozo	1º Bach e 2º ESO	73
22/09/2022	IES Pedro Floriani de Redondela	Termografía infravermella	Pablo del Río	4º ESO	26
23/09/2022	IES Alexandre Bóveda	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO	71
30/09/2022	IES A Cañiza	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	30
04/10/2022	IES Politécnico de Vigo	Explotación de recursos minerais. Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras	Santiago Pozo	1º e 2º Bach	120
28/10/2022	IES Pazo da Mercé (As Neves)	Mujller e enxeñaría	Elena Alonso	3º y 4º ESO	77
16/11/2022	" IES de Mos	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO e 1º Bach	85
22/11/2022	IES Ribeira do Louro (Porriño)	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO	26
25/11/2022	IES A Basella	Materiais Intelixentes	Xurxo Rigueira	1º e 2º Bach	36
25/11/2022	IES Valadares	Explotación de recursos minerais en Galicia/España	Elena Alonso	Bach	35
28/11/2022	Colegio Vigo	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1 Bach	20
29/11/2022	CPRr Santiago apóstol en Sotomayor	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive		50
15/12/2022	IES Bremao	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	2º Bach	30
16/12/2022	IES Primeiro de marzo-Baiona	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	36
19/12/2022	IES Carlos Casares	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	4º ESO, 1º y 2º Bach	178
19/12/2022	IES Illa do Tambo de Pontevedra	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	Bach	100
20/12/2022	IES Castelao	A chispa azul	Carlos Collazo	1º Bach	90
20/12/2022	IES Sánchez Cantón de Pontevedra	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º Bach	90
09/01/2023	IES Saturnino Montojo	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	2º Bach	23
10/01/2023	IES Fene	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive		
10/01/2023	As Pontes	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	Bach	50
11/01/2023	CPR Tirso de Molina (Ferrol) y IES Carvalho Calero (Ferrol)	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	Bach	31
12/01/2023	IES Isaac Díaz Pardo + Concepción Arenal	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	2º Bach	51
13/01/2023	IES As Mariñas	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	Bach	30
20/01/2023	CPR Compañía de María	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	Bach	45
24/01/2023	Centro Galego de Tecnificación Deportiva + Sánchez Cantón	Conservación do Street Art	Enrique Alonso	2º Bach	15
25/01/2023	IES Antón Losada Diéguez	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º Bach	40
26/01/2023	IES de Allariz	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	37
09/03/2023	Salesianos	Recursos minerais en Galiza	Elena Alonso	1º ESO	58
10/03/2023	CPR Santiago Apóstol	Minería Espacial	Denis Barros	ESO	24
15/03/2023	IES Castelao	Aspectos medioambientais da	Teresa Rivas	1º Bach	90

		explotación de recursos			
17/03/2023	IES de Fene	Muller e enxeñaría	Elena Alonso	1º e 2º ESO 3º e 4º ESO	
17/03/2023	IES Coruxo	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	10
23/03/2023	IES Antón Alonso Ríos	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	18
24/03/2023	IES Antón Losada Diéguez	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	10
27/03/2023	IES Urbano Lugo	A chispa azul	Carlos Collazo		36
29/03/2023	IES Plurilingüe Ames	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	54
31/03/2023	IES Valadares	Intelixencia Artificial	Raquel Pérez	3º ESO	90
31/03/2023	EPAPU Nelson Mandela	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	10
31/03/2023	IES Urbano Lugo	Aspectos medioambientais da explotación de recursos	Elena Alonso		36
11/04/2023	IES A Basela	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	10
12/04/2023	IES A Xunqueira II	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	15
13/04/2023	IES de Vilalonga	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º e 2º Bach	66
17/04/2023	IES Canido	Divulgativas dos Graos	Francisco Deive	1º Bach	38
19/04/2023	IES A Xunqueira 2	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	3º ESO	100
20/04/2023	IES Manuel Chamoso Lamas	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO e 1º Bach	45
20/04/2023	IES nº 1	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO e 2º Bach	57
21/04/2023	IES Santa Irene	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º e 2º ESO	180
26/04/2023	IES Antón Alonso Ríos	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO	39
03/05/2023	IES Xograr Afonso Gómez	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	3º ESO	54
11/05/2023	IES de Poio	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	7
18/05/2023	IES Cidade de Antioquía	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO	21
18/05/2023	IES Lagoa de Antela	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	4º ESO	60
26/05/2023	IES María Soliño	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	2º Bach	14



Figura 1: Conferencias temáticas en diversos centros. A: IES Vilalonga (Física Recreativa). C: IES Valadares (Intelixencia Artificial). C: IES N° 1 de Carballiño (Física Recreativa). .

1.2 Exposición Itinerante

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/exposicion-itinerante/>

A EME ofrece a posibilidade de enviar ao centro interesado unha exposición de carácter didáctico que versa sobre os *Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais*. Nesta exposición descríbense os recursos enerxéticos e mineiros de Galicia e faise unha breve descrición técnica de como é o seu aproveitamento. Ademais recóllese información sobre as fontes de enerxía alternativas como a hidráulica, eólica, xeotermia, solar e biomasa. Móstrase a importancia das materias primas minerais no ámbito industrial automobilístico e a reciclaxe dos mesmos. A exposición consta de cinco *banners* con soporte autoportante, de fácil montaxe e coa posibilidade de colocación en espazos reducidos. O tempo de concesión é de aproximadamente 1 semana. Dispónse de tres exemplares e como se recolle na Táboa 2, a exposición estivo en 13 centros no curso 2022-2023.

Táboa 2: Centros nos cales estivo localizada a exposición itinerante durante o curso 2022-2023.

Centro	Lugar	Datas
IES Álvaro Cunqueiro	Vigo	14/11/2022 - 25/11/2022
IES Urbano Lugrís	Malpica	07/11/2022 - 14/11/2022
IES San Clemente	Santiago de Compostela.	21/11/2022 - 02/12/2022
San José de Cluny	Santiago de Compostela.	28/11/2022 - 16/12/2022
IES Castela	Vigo	28/11/2022 - 02/12/2022
EPA Berbés,	Vigo	12/12/2022 - 16/12/2022
Colexio ALCA	Ames	19/12/2022 - 22/12/2022 27/03/2023 - 31/03/2023
IES Fernando Wirtz Suárez	A Coruña	30/01/2023 - 13/02/2023
Colexio Andersen	Vigo	01/02/2023 - 15/02/2023
Salesianos M ^a Auxiliadora Vigo	Vigo	06/03/2023 - 17/03/2023
IES Salvaterra de Miño	Salvaterra de Miño	27/03/2023 - 31/03/2023
IES Politécnico	Vigo	17/04/2023 - 24/04/2023
IES A Guía	Vigo	17/04/2023 - 24/04/2023



Figura 2: Paneis constituíntes da exposición itinerante.

2 Actividades nas que o centro educativo ou público xeral visita a EME

2.1 Obradoiro de Recoñecemento *de visu* de Minerais

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/taller-minerais/>

A EME recibe centros que estean interesados en realizar o “*Obradoiro de recoñecemento de visu de minerais*”. Esta actividade ten unha duración de dúas horas; a primeira hora céntrase nunha exposición sobre as características e peculiaridades dos minerais, exposición denominada “*Mineral tales*” e a segunda céntrase no recoñecemento dun conxunto de 18 exemplares coa axuda do material necesario para a súa identificación: lupa, material para identificar a dureza (moeda de cobre, vidro, porcelana, etc.). O feito de que os centros visiten a EME, permite darlle visibilidade ás titulacións impartidas no centro. No curso 2022-2023, realizáronse 5 obradoiros de recoñecemento de minerais na EME (Táboa 3) e 7 fóra da EME (Táboa 4).

Táboa 3: Centros que visitaron a EME, realizando o obradoiro nas instalacións da escola.

Data	Centro	Persoal da EME	Nivel alumnado	Nº de asistentes
07/10/2022	IES do Castro	Santiago Pozo	2º Bach	15
11/01/2023	IES Terra de Soneira	Santiago Pozo	1º Bach	23
07/02/2023	IES Politécnico de Vigo	Enrique Alonso	1º Bach	30
25/04/2023	Colexio bilingüe Marcote Mondariz	Teresa Rivas e Enrique Alonso	1º Bach	15
12/05/2023	CPI de Mondariz	Raquel Pérez	1º e 2º ESO	38

Táboa 4: Centros educativos nos que se realizou o obradoiro de recoñecemento de minerais

Data	Centro	Persoal da EME	Nivel alumnado	Nº de asistentes
07/11/2022	IES Lamas de Abade	Santiago Pozo	1º ESO e 1º Bach	68
14/12/2022	IES A Guía	Teresa Rivas e Laura Andrés	4º ESO e 1º Bach	15
16/12/2022	CPI de Vedra	Nuria Castro, Paula Vázquez e Óscar Pereiro	Primaria	45
20/12/2022	Colexio Juan Sebastián Elcano	Santiago Pozo	1º ESO	10
21/12/2022	IES Mondoñedo	Santiago Pozo e Teresa Rivas	4º ESO e 1º Bach	36
21/12/2022	IES Monte Castelo	Santiago Pozo e Teresa Rivas	4º ESO e 1º Bach	27
29/03/2023	CPR Santiago Apóstol	Teresa Rivas e Paula Vázquez	4º ESO	27




Figura 3: Obradoiro de recoñecemento de minerais que se organizou nas instalacións dos centros educativos a) CPI Vedra, impartido por Nuria Castro, Óscar Pereiro e Paula Vázquez e b) . c) Alumnado do IES Terra de Soneira nos obradoiros que desenvolveron nas instalacións da EME impartido por Iago Pozo.

2.2 Aula Aberta á Tecnociencia

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/aula-aberta/>

A EME dispón da *Aula Aberta á TecnoCiencia*. Trátase dun espazo onde o centro solicitante, tras cita previa, realiza durante unha hora un módulo baseado en actividades manipulativas, de maneira que as persoas visitantes poidan ver de xeito práctico conceptos relacionados con enerxía, materiais e medio ambiente. Actualmente os módulos que se ofertan son:

- Módulo de combustión: “*May the fire be with you*”
- Módulo de xeotecnoloxías: topografía con realidade aumentada.
- Módulo termografía infravermella: Visión infravermella: unha nova forma de contemplar o mundo.
- Módulo de física: Física Re-Creativa.
- Módulo de materiais: A febre dos materiais.
- Módulo de enxeñaría do terreo: “*The Wall*”
- Módulo de intelixencia artificial : érase unha vez un mundo de datos
- Módulo de enxeñaría química: dende as fontes termais galegas ata o motor do coche

Na Táboa 5 amósase a relación dos 17 centros que visitaron á *Aula Aberta á TecnoCiencia* durante o curso 2022-2023 xunto cos módulos realizados. En total participaron 711 asistentes.

Táboa 5: Centros que durante o curso 2022-2023 asistiron a algún módulo da Aula Aberta á TecnoCiencia.

Data	Centro	Módulo	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
19/09/2022	IES Pedro Floriani de Redondela	Intelixencia artificial	Ana Larrañaga	3º ESO	49
16/11/2022	IES Luis Seoane	Combustión	Raquel Pérez	4º ESO	18
30/11/2022	Colegio Vigo	Intelixencia artificial	Ana Larrañaga	2 Bach	20
13/12/2022	IES Beade	Física Re-Creativa	Benito Vázquez	1º Bach	32
15/12/2022	IES Beade	Materiais	Xurxo Rigueira	2º Bach	33
11/01/2023	IES Terra de Soneira	Termografía Combustión	Pablo del Río Jesús Rico	1º Bach	23
13/01/2023	Ies Monte da Vila de O Grove.	Física Combustión	Benito Vázquez Raquel Pérez	4ºESO e 1º Bach	47
16/01/2023	IES Xesús Ferro Couselo	Materiais Xeotecnoloxías	María Pazo Daniel Lamas	1º Bach	32
17/01/2023	IES de Beade	Enx. Química Enx. Do Terreo	Francisco Deive María Araújo	1º Bach	18
18/01/2023	IES de Soutomaior	Intelixencia artificial	Raquel Pérez	1º e 2º Bach	30
18/01/2023	Colegio Miralba. Hijas de Jesús	Enx. Química Física	Francisco Deive Benito Vázquez	4º ESO	28
24/01/2023	IES María Soliña	Intelixencia Artificial Física	Raquel Pérez Benito Vázquez	1º Bach STEMBach	15
01/02/2023	Colegio Miralba. Hijas de Jesús	Enx. Química Física	Francisco Deive Benito Vázquez	1º e 2º Bach	35
03/02/2023	CPR Quiñones de León'	Materiais Combustión	Xurxo Rigueira Ana Larrañaga	2º e 4º ESO	52
24/02/2023	Asociación Inventiva	Combustión Termografía	Ana Larrañaga, Jesús Rico	Alumnado altas capacidades	24

		Infravermella	Daniel Lamas		
13/03/2023	IES Lama das Quendas	Intelixencia Artificial Xeotecnoloxías	Xurxo Rigueira Pablo del Río e Daniel Lamas	1º e 2º Bach	36
16/03/2023	IES A Xunqueira 2	Intelixencia Artificial Física Combustión	Jesús Rico e Javier López Benito Vázquez Amanda Franco e Ana Larrañaga	1º Bach	42
17/03/2023	IES A Xunqueira 2	Intelixencia Artificial Combustión	Ana Larrañaga e Javier López Amanda Franco e Jesús Rico	4º ESO e 1º Bach	32
22/03/2023	CPR Santiago Apóstol	Combustión Materiais	Ana Larrañaga Xurxo Rigueira	1º e 2º Bach	50
14/04/2023	IES Pino Manso	Enx. Química Materiais	Francisco Deive María Pazo	1º Bach	35



Figura 4: Folleto informativo do Aula Aberta á Tecnociencia

2.3 Portas abertas nos laboratorios da EME

Os centros de educación primaria e secundaria tamén poden visitar a Escola para visitar os diferentes laboratorios. Este curso 2022-2023, fixeron xornadas de portas abertas 3 IES cun total de 108 alumnos e alumnas.

Táboa 6: Centros que durante o curso 2022-2023 realizaron Visitas de Portas Abertas na EME

Data	Centro	Actividade	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
18/01/2023	IES Soutomaior, Soutomaior (Pontevedra)	Novos materiais Laboratorio Mecánica de Rochas Intelixencia Artificial	María Pazo Ignacio Pérez Raquel Pérez	1º e 2º Bach	30
30/01/2023	IES Castelao, Vigo (Pontevedra)	Laboratorio de Mecánica de Rochas Laboratorio GeoTech Laboratorio GESSMIN Laboratorio GTE	Ignacio Pérez Pablo del Río Enrique Alonso Jesús Rico	1º Bach	23
27/03/2023	IES Valadares, Vigo (Pontevedra)	Laboratorio de Mecánica de Rochas Laboratorio GeoTech Laboratorio GESSMIN Laboratorio GTE	Andrés Cristóbal Pablo del Río e Daniel Lamas María Pazo Xavier Simón	4º ESO	55

2.4 Visitas á EME para recibir información sobre a oferta formativa do centro (graos)

En colaboración co SIE (Servizo de Información ao Estudantado da UVIGO), 17 centros de ensinanza visitaron a EME para recibir información sobre os graos impartidos na Escola (Táboa 7) cun total de 344 alumnos e alumnas.

Táboa 7: Sesións informativas sobre os graos impartidas na EME no curso 2022-2023.

Data	Centro	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
25/11/2022	IES República Oriental de Uruguay, Vigo, Pontevedra	Elena Alonso	1º e 2º Bach	27
02/12/2022	IES Politécnico, Vigo, Pontevedra	Iago Pozo	1º e 2º Bach	32
13/12/2022	IES A Sangriñ, A Guarda, Pontevedra	Francisco Deive	2º Bach	16
21/12/2022	IES Illa do Tambo, Pontevedra	Francisco Deive	1º e 2º Bach	18
07/02/2023	IES Rodeira	María Araújo	2º Bach	27
16/02/2023	Los Sauces, Vigo, Pontevedra	Raquel Pérez	1º Bach	14
01/03/2023	IES Castelao	Francisco Deive	2º Bach	28
08/03/2023	Colegio Bouza Brey	Raquel Pérez	4º ESO	6
08/03/2023	IES A Guía, Vigo, Pontevedra	Raquel Pérez	2º Bach	8
10/03/2023	IES Primeiro de Marzo, Baiona, Pontevedra	Raquel Pérez	2º Bach	22
17/03/2023	IES do Castro	María Araújo	2º Bach	40
27/03/2023	IES Sto Tomé de Freixeiro	Francisco Deive	2º Bach	16
27/03/2023	IES Mos	Francisco Deive	2º Bach	8
27/03/2023	CPR Divino Salvador	Francisco Deive	4º ESO	18
12/04/2023	Campus Spain	Raquel Pérez	1º e 2º Bach	42
13/04/2023	IES Pedras Rubias, Pontevedra	Raquel Pérez	2º Bach	7
26/04/2023	IES A Basella, Vilanova e Arousa, Pontevedra	Raquel Pérez	1º Bach	15

3 Participación en Feiras de Orientación Universitaria

A EME, neste curso 2022-2023, participou en 5 Feiras de Orientación Universitaria, indicadas na Táboa 8. Como número xeral de persoas asistentes aos *stands* da EME pódese indicar 1200 asistentes.

Táboa 8: Feiras de Educación nas que participou a EME no curso 2022-2023

Data	Feira científica	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
05/09/2022	Xornadas Benvida da UVigo	Xurxo Rigueira Santiago Pozo Pablo del Río Daniel Lamas	Estudantado novo ingreso	200
06/09/2022	Xornadas Benvida da UVigo	María Pazo Pablo del Río Daniel Lamas	Estudantado novo ingreso	200
26/10/2022	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Iago Pozo María Pazo Oscar Pereiro Pablo González	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
27/10/2022	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Xurxo Rigueira Laura Iglesias Paula Vazquez Lorena Lorenzo	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	300
28/10/2022	EDUGAL. Feira de orientación universitaria	Iago Pozo Oscar Pereiro Paula Vázquez	ESO, Bacharelato e ciclos formativos	200

4 Participación en outros eventos de divulgación científica

4.1 Feira “A Ciencia que ven”

Celebrouse o 21 de abril de 2023 no Berbés e foi organizada pola Unidade de Cultura Científica (UCC) da Universidade de Vigo. A Escola participou con dous postos de experimentación, atendidos por María Pazo, Xurxo Rigueira, Ana Larrañaga e Jesús Rico.

4.2 Noite Europea das Persoas Investigadoras

A Escola participou nas actividades que se realizaron na Noite Europea das Persoas Investigadoras/as o 30 de setembro de 2022, actividade organizada pola Unidade de Cultura Científica da UVIGO. Profesorado da Escola participou nas seguintes actividades:

— **Ciencia no Bar** (en Vigo)

- Jesús Rico: “*Combustión: moito máis que lume e gases*”
- Elena Alonso: “*O papel dos recursos minerais na descarbonización e dixitalización da economía*”

— **Expo-feira científica e Obradoiros na rúa**

- Teresa Rivas e Carmen Filgueira Sánchez: “*Os minerais, testemuñas da Historia: dende Altamira ata a arte urbana*”
- Iván Garrido González, co *stand* “*Visión infravermella*”
- María Pazo e Xurxo Rigueira, co *stand* “*Novas tecnoloxías para a Enxeñaría*”
- Daniel Lamas e Pablo del Río, co *stand* “*A visión infravermella*”

- Teresa Rivas e María Araújo, co *stand*: “Os minerais como testemuñas da historia: dende Altamira ata a arte urbana”
- **Obradoiros en centros escolares:** Ana Larrañaga (Intelixencia Artificial); Benito Vazquez (Física Recreativa); Iago Pozo (Conservando o Street Art) e Pablo del Río (Termografía Infravermella).

4.3 Participación en Feiras de minerais

A EME encargouse de organizar os seminarios de recoñecemento *de visu* de minerais en feiras de minerais ás cales asisten público en xeral e alumnado dos centros educativos da contorna. (Táboa 9). Estímase unha interacción con 200 alumnos e alumnas de centros de primaria e secundaria.

Táboa 9: Feiras de minerais nas que o persoal da EME participou organizando o seminario de recoñecemento de minerais *de visu*.

Data	Feira	Persoal da EME	Nivel del alumnado	Nº de asistentes
02/03/2023	9ª Feira de Minerais en Santiago de Compostela	Enrique Alonso Iago Pozo Paula Vázquez María Araújo	Primaria, secundaria e Bacharelato	300
03/03/2023	9ª Feira de Minerais en Santiago de Compostela	Borja Barreiro Iria Feijóo Raquel Pérez	Primaria, secundaria e Bacharelato	300
05/05/2023	Taller de Minerais de Guláns (Ponteareas)	Enrique Alonso Laura Andrés Raquel Pérez	Primaria e secundaria	200

4.4 Cinefórum (In)Visibilidade das mulleres STEAM na Cinematografía.

A segunda edición desta actividade estivo organizada polo Enlace de Igualdade da EME, Generosa Fernandez Manín. A proxección das películas realizouse os días 7 e 14 de marzo, 2 e 9 de maio de 2023 no Salón de Actos do Museo de Arte Contemporáneo (MARCO) de Vigo. Proxectáronse 3 películas e 1 documental co obxectivo de dar unha ollada na presenza de mulleres científicas e tecnólogas na cinematografía. A actividade foi patrocinada pola Unidade de Igualdade da UVIGO e o MARCO.

As películas deste ano foron (Figura 5):

- “*La costilla de Adán*” (George Cukor, 1949)
- “*El círculo*” (James Ponsoldt, 2017)
- “*Rafea: solar mama*” (Mona Eldaief, Jehane Noujaim, 2012)
- “*Picture a scientist*” (Ian Cheney, Sharon Shattuck, 2020).

Despois da visualización de cada película, Alfonso Castaño, experto en cine, realizaba unha pequena crítica e reflexión sobre a calidade do filme e o seu tema.



Figura 5: Cartaz e películas proxectadas no cineforum (In)Visibilidade das mulleres STEAM na Cinematografía.

4.5 Día da Muller e da Nena na Ciencia

O día 10 de febreiro celebrouse o *Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia*. Un día que ten coma obxectivo amosar a presenza ou falta de mulleres no ámbito científico-tecnolóxico. O Enlace de Igualdade da EME, a profesora G. Fernandez, xunto coa Unidade de Igualdade e a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo organizaron este ano unha serie de xogos e talleres nos que participaron 50 nenas do IES Illa de Tambo (Figura 6).

Durante esa mañá participaron na xincana: “*The She-ience games: Catching Fire*” (organizada polas investigadoras R. Pérez e A. Larrañaga) onde despois de amosarlles diferentes experimentos de combustión, por equipos tiveron que resolver un “*rosco*” de preguntas sobre o tema.

Outras das actividades foi “*The Wall*” (organizada pola profesora da EME M. Araújo), onde aprenderon os conceptos básicos de fricción e agarre para conseguir construír unha parede de area empregando diferentes materiais estruturais. As rapazas divididas en varios equipos competían entre elas co fin de construír un muro o máis resistente posible.

Finalmente, mediante o obradoiro de “*Recoñecemento de minerais de visu*” dirixida por I. Feijoó, as alumnas aprenderon aspectos relacionados coa mineraloxía, véndose inmersas nun concurso para identificar a maior cantidade de minerais posibles atendendo ao estudo das súas propiedades físicas.



Figura 6: Actividade desenvolvida durante o Día internacional da nena e da ciencia o 10 de febreiro.

4.6 Día Internacional da Enerxía na EME

Este curso 2022-2023 realizouse a conmemoración da efeméride do *Día Mundial da Enerxía*, durante a xornada do 14 de febreiro, baixo o lema: “*Quérote, renovable, sostible e universal*”. Para tal fin, realizouse o deseño de material publicitario (displays, cartelería e pegatinas), coa axuda do persoal da Área de Imaxe da Universidade de Vigo. Este material colocouse ao longo de todas as instalacións da EME e púxose á disposición do alumnado da Escola.



Figura 7: Materiais publicitarios do Día Mundial da Enerxía

Como engadido, nesta primeira edición, organizáronse actividades de divulgación científica con centros de ensino secundario e bacharelato, de xeito que o 14 de febreiro de 2023 acudiu ás instalacións da EME un grupo de 80 alumnas e alumnos do IES Castelao de Vigo (Táboa 10).

Táboa 10: Actividades realizadas na conmemoración do Día Mundial da Enerxía 2023 na EME.

Data	Centro	Actividade	Persoal da EME	Nivel do alumnado	Nº de asistentes
14/02/2023	IES Castelao, Vigo (Pontevedra)	Intelixencia Artificial Novos Materiais Mineral Tales Xeotecnoloxías Aplicadas	Ana Larrañaga María Pazo Bienvenido Díez Pablo del Río	1º Bach	80

4.7 Olimpíada de Xeoloxía 2023

O 08 de febreiro do 2023 celebrouse na EME a XIII Olimpíada de Xeoloxía. Nesta edición, presencial novamente, participaron 58 estudantes de ESO e Bacharelato de Pontevedra (IES Mendiño, IES Beade, IES Ponte Caldelas, IES Ribeira do Louro, IES San Paio, IES Teis e IES Primeiro de Marzo e IES Terra de Turonio). A Olimpíada de Xeoloxía é unha actividade educativa que pretende:

- Fomentar o interese polos contidos propios da Xeoloxía e do conxunto das Ciencias da Terra.
- Animar ao alumnado participante a comezar estudos universitarios relacionados coa Xeoloxía.
- Destacar a importancia dos coñecementos en Xeoloxía para: (i) a preservación do medio natural, (ii) a xestión racional dos recursos e (iii) a adopción de medidas ante impactos e riscos xeolóxicos.

Esta actividade é organizada pola AEPECT (“Asociación Española para la Enseñanza de las Ciencias de la Tierra” e o “Colegio Oficial de Geólogos”) e a EME colabora no seu desenvolvemento dende 2011. Ao longo do día os alumnos e alumnas enfrentáronse a un exame teórico e unha proba práctica, unha ximcana xeolóxica, que se realizou en Monteferro. Pola tarde, a EME organizou unha serie de obradoiros relacionados con diferentes ámbitos nos que o coñecemento da Xeoloxía é un recurso necesario, que foron:

- “Paleontoloxía 3D”: B. Diez e I. Rodríguez
- “The Wall”. M. Araújo e X. Rigueira



Figura 8: Imaxes da xornada de celebración da Olimpíada de Xeoloxía na EME.

4.8 Foro Tecnolóxico de Emprego

Os días 28 de bereiro, 1 e 2 de marzo de 2023 tivo lugar o XXIII Foro Tecnolóxico de Emprego. Este evento é organizado polas Delegacións de Alumnado das tres escolas de enxeñaría da UVigo: Telecomunicacións, Minas e Enerxía e Industriais. Está pensado para axudar ao estudantado a ter o primeiro contacto cos responsables de RRHH de numerosas empresas do sector tecnolóxico e da enxeñaría.

Nesta edición, coma cada ano, algúns dos nosos estudantes participaron no equipo de organización así coma nos equipos de colaboración: B. Parente (coordinadora de institucións) e I. Lamas (coordinador de asistencia)

Este ano participaron máis de 50 empresas do sector, impartíronse 15 conferencias e 13 *workshops*.

5 Desenvolvemento do proxecto “A Caixa Sostible”

Co obxectivo de amosar a necesidade dun emprego sostible da enerxía e dos recursos mineiros dende unha perspectiva máis local, o equipo integrado por persoal docente e investigador da EME (Iago Pozo, María Araújo, Teresa Rivas, Elena Alonso, David Patiño, Raquel Pérez, Pablo Eguía, Benito Vázquez, Francisco Deive e Moisés Cordeiro) desenvolveu no curso 2022-2023 o proxecto “A Caixa Sostible”. O proxecto está financiado FECYT a través da convocatoria “Ayudas para el Fomento de la Cultura Científica, Tecnológica y de la Innovación” e estivo coordinado por Iago Pozo.

O elemento central do proxecto foi deseñar e fabricar unha caixa que recolle o material e instrucións para realizar 5 actividades encamiñadas á determinación da pegada de carbono, a eficiencia enerxética, a eficiencia luminosa, a calidade das augas e a posta en valor do patrimonio xeolóxico da contorna. Cada unha destas actividades, ten un compartimento dentro da caixa onde se inclúe o material e a información necesarios para o seu desenvolvemento. A caixa é recibida polo profesorado dos centros de ESO, Bacharelato e FP de Galicia que participan no proxecto que, co apoio do persoal da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, se encargou de titorizar ao estudantado en cada unha das actividades.

Durante este período (2022-2023) leváronse a cabo as tarefas marcadas nos diferentes paquetes de traballo: dende o deseño do material didáctico (a caixa, os vídeos informativos sobre a realización de cada unha das cinco actividades, a páxina web), pasando polo envío do material aos centros educativos e, por suposto, a supervisión e titorización durante a realización das actividades por parte dos IES participantes. No proxecto participaron un total de 40 centros educativos de secundaria, Bacharelato e FP de Galicia, implicando a 830 alumnos e alumnas e 80 docentes.

- Páxina web do proxecto: <http://acaixasostible.uvigo.gal/gl/>

Como remate do proxecto o día 10 de maio de 2023 celebrouse a *Xornada de Clausura* do proxecto, onde se fixo unha posta en común das conclusións obtidas en cada unha das cinco actividades. Ademais, todos os centros implicados enviaron cadanseu póster explicativo resumindo o traballo realizado, que se expuxo no terceiro andar do edificio *Ernestina Otero*, onde se levou a cabo o acto Finalmente, 136 estudantes dos 10 institutos que acudiron ao evento desprazáronse á EME para realizar as actividades incluídas na Táboa 11.

Táboa 11: Actividades realizadas na EME durante a Xornada de Clausura do proxecto FECYT A Caixa Sostible

Colexio/IES	PDI e alumnado participante	Actividades / Obradoiros	Curso	Nº asistentes
EPAPU Nelson Mandela (A Lama) IES Luis Seoane (Pontevedra) IES Pino Manso (O Porriño) IES Politécnico (Vigo) IES Ribeira do Louro (O Porriño) IES Ramón Cabanillas (Cambados) IES San Paio (Tui) CPR Marcote (Mondariz) Colexio Salesianos María Auxiliadora (Vigo)	Pablo del Río e Francisco García Andrés Cristóbal e Xurxo Rigueira Javier López e Moisés Cordeiro Borja Barreiro e Cinthia Carou Nuria de Castro, Laura Andrés e Teresa Rivas Hideki Bedoya, Marcos Blanco, Alexandre Casal, Óscar Domínguez, Sergio Freiría, Xabier Insua, Luiz H. Marcelino, Belén Parente, Lucas Rojo, Mateo Salgado, Alejandro Villasana	Termografía Materiais Intelixencia Artificial Combustión Pinturas Visita ás instalacións da EME	3º e 4º ESO 1º Bach	136



Figura 9: Imaxes do desenvolvemento do proxecto FECYT A Caixa Sostible e da súa Xornada de Clausura.

6 Material e outros recursos materiais de promoción e divulgación

Na Táboa 12 reflíctese a impresión de folletos informativos sobre as titulacións da EME e a contribución á prensa escrita mediante a redacción de artigos asinados principalmente pola directora da EME nos que se recolle a necesidade de profesionais dedicados á xestión sostible de recursos minerais e enerxéticos.

Táboa 12: Recursos materiais elaborados durante este ano co obxectivo de promocionar as titulacións da EME

Material	Responsable	Descrición	Canles de difusión	Data
Carteis e trípticos dos graos	Coordinador Comisión Difusión	Carteis e trípticos con información sobre os Graos da Escola e a Aula Aberta á Tecnociencia	Entrega aos participantes nas actividades de difusión. Envío a centros de ESO e Bacharelato	Ao longo do curso
<i>Merchandising</i>	Coordinador Comisión Difusión	Material de obsequio (bolsas, caramelos, paraugas, cubrecámaras...)	Entrega aos participantes durante as actividades de difusión	Ao longo do curso
Notas en prensa	Dirección da EME	Anuncios no Faro de Vigo, La Voz de Galicia e no DUVI	Faro de Vigo, La Voz de Galicia e DUVI	Diversas novas xeradas en torno a proxectos e concursos
<i>Facebook</i>	Coordinador Comisión Difusión	Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
<i>LinkedIn</i>		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
<i>Instagram</i>		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
<i>Canal Youtube</i>		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso
Twitter		Rede social de comunicación/información		Ao longo do curso

7 Concursos

Ademais, a EME convocou unha serie de concursos para dar a coñecer temáticas relacionadas coas saídas profesionais das titulacións. A publicidade destes concursos realizouse a través das redes sociais, web, e-mails e cartas aos centros (ver ANEXO I).

7.1 ENFOCA.RME 2022

O 30 de novembro de 2022 tivo lugar na EME a entrega de premios dos concursos Enfoca_RME 2022 e Contos para a EME 2022. Con respecto ao concurso fotográfico recibíronse máis de 60 fotografías candidatas. Na categoría júnior a fotografía ganadora foi "*Dijo la gaviota: atrápame medusa*" realizada por I. García.



Figura 10: "*Dijo la gaviota: atrápame medusa*" por I. García

Na categoría sénior:




Figura 11: Segundo premio: "*Nocturno eólico*" realizada por J.M. Maiquez.



Figura 12: Primeiro premio: "*Mina 03*" realizada por J. Arcenillas

7.2 CONTOS PARA A EME 2022

Por outro lado, co gallo da celebración do *Día internacional da Muller na Enxeñaría* (23 de xuño) e do *Día Internacional da Muller na Minería* (15 de xuño), este curso abriuse un novo concurso organizado polo Enlace de Igualdade do centro, G. Fernández. Trátase dun concurso de microrrelatos, de extensión entre 200 e 300 palabras, cuxa frase inicial é “ *Cando ela nos dixo que ía estudar Enxeñaría na Escola de Minas e Enerxía...*”. Nesta primeira edición recibíronse máis de 50 textos orixinais en ambos idiomas, galego e castelán.

O relato gañador na categoría de alumnado de bacharelato ou FP foi “*La implicación ejemplar de Blanca*” realizado por N. Paz Peláez (Colexio La Salle de Santiago de Compostela). O relato gañador na categoría de estudiantado da Universidade de Vigo foi “*Adeus verde*” presentado por L. González Lemos (Escola de

Enxeñaría de Telecomunicación). O xurado tamén decidiu conceder dous accésits aos relatos de P. Rodríguez Reino (Colexio La Salle de Santiago, na categoría de alumnado preuniversitario) e de H. Santorum Ruiz (Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, na categoría de estudantado universitario).

7.3 MAKETA_RME 2023

O 9 de xuño de 2023, no vestíbulo da EME, tivo lugar a entrega de premios do concurso de maquetas MAKETA_RME 2023. Este concurso ten como obxectivo espertar vocacións científico-tecnolóxicas na nosa mocidade e concienciala sobre o aproveitamento sostible dos recursos naturais, facendo fincapé no emprego de novas formas de enerxía. Ademais tamén se busca que o alumnado da ESO e Bacharelato poña de manifesto os seus coñecementos sobre hidráulica, pneumática, automática e mecánica.

A xornada do 9 de xuño comezou coa demostración dos participantes do funcionamento das súas maquetas, mediante unha presentación realizada polo alumnado participante, e rematou coa entrega de premios.



Figura 13: Acto de entrega de premios

Nesta edición do concurso, os gañadores foron H. Fernández, D. Dos Reis, D. Vila e M. Vilán (3º ESO), do IES Val Miñor de Nigrán, coa súa maqueta titulada “*The Turn Back: materiais de sempre nun mundo moderno*”. O seu proxecto consistiu nunha maqueta dunha vivenda sostible baseada no aproveitamento da luz natural, mellora do illamento, emprego de materias primas de orixe natural ou recicladas, emprego de fontes de enerxía sostibles e a integración arquitectónica da mesma no medio natural.



Figura 14: Presentación da maqueta polo alumnado do IES Val Miñor de Nigrán.

O segundo premio foi acadado por S. López, C. López, A. Morado, A. Naranjo, I. Izquierdo e Y. Otero (3º e 4º ESO), do Clube de ciencias Ctrl+T do IES As Telleiras (Narón), que realizaron a presentación de xeito virtual. O seu proxecto, titulado “*Enerxía pasiva nunha vivenda tradicional galega*”, centrouse na integración de medidas pasivas como a xeotermia, a incorporación de paneis fotovoltaicos e enerxía eólica, aplicación de cubertas vexetais e mellora do illamento térmico, para a rehabilitación dunha vivenda sita en Galicia.



Figura 14: Presentación da maqueta polo alumnado do IES As Telleiras de Narón.

7.4 MULLE.RME 2023

Este concurso foi organizado en coordinación co Enlace de Igualdade na EME, Generosa Fernandez Manín. Trátase dun concurso de fotografía co obxectivo dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas, materiais e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso de enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. Presentáronse 13 fotografías. O 8 de marzo tivo lugar a entrega de premios do concurso fotográfico Mulle_RME 2023. As fotografías gañadoras foron:

- 1º Premio: “*Raise and Shine*”, de M. Catarino.

Recolleu o premio de forma virtual a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: “*Todo está escuro si apagamos a luz baixo terra. Cando estaba revisando o nivel superior, vin o meu reflexo e lembrei a importancia da luz que levamos, fóra e dentro de nós*”.




Figura 15: 1º Premio: “Raise and Shine”, de M. Catarino

- 2º Premio: “Grandiosa”, de C. Carou.

Recolleu o premio de forma presencial a protagonista da fotografía. A descrición da foto é a seguinte: “*Alumna do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos da UVigo vendo unha parede de granito por primeira vez en Porriño.*”.



Figura 16: 2º Premio: “Verdi”, de C.A. Verde

8 Revista MATERIA PRIMA

No curso 2021-2022 nomeouse ao profesor E. Liz como Responsable de Seguimento das persoas egresadas da Escola. Unha das primeiras actividades realizadas por E. Liz, acompañado de L. Lorenzo e P. Vázquez, foi o deseño e confección dunha nova revista: o boletín MATERIA PRIMA, chamado a ser un espazo de encontro e comunicación das persoas egresadas e alumnado actual e futuro da EME.

En cada número, amosáronse perfís de persoas egresadas das titulacións da Escola. A revista ten as seguintes seccións: “Egresados por el mundo”, “Perfil profesional”, “Experiencias de máster”, “Otros talentos”, “Cifras y datos” e “Noticias destacadas”. Confeccionáronse un total de 4 números, lanzados en datas remarcadas para a comunidade da Escola:

- Número 1: Santa Bárbara (30 de novembro de 2023)
- Número 2: Día Mundial da Enerxía (14 de febreiro de 2023)
- Número 3: fin da actividade docente (25 de abril de 2023)
- Número 4: Día Mundial da Muller na Enxeñaría (23 de xuño de 2023)

Cabe destacar que a revista MATERIA PRIMA conta con ISSN dende o seu segundo número, e depósito legal. Os catro números da revista están dispoñibles na páxina web da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía: <https://minasecenerxia.uvigo.es/gl/estudiantes/revistas/>



Figura 16: 2º Recortes dos catro números da revista Materia Prima.

9 STEMBach

Ao longo do curso 2022/23 o centro participou no programa STEMBach cos seguintes proxectos e IES, aumentando en tres os centros nos que participa a EME desde o curso anterior. Indícanse a continuación os datos de información relativa aos proxectos defendidos baixo a tutorización de profesorado da EME no curso 2022-2023.

IES	Data defensa	Título	Titor/a na UVIGO	Alumnado	Profesorado da EME no tribunal
República Oriental de Uruguai	27/02/23	Estudio de biomasa algal residual como fuente de biocombustible	Francisco Deive	Gonzalo Chorén	Salomé Álvarez
IES Plurilingüe Aquis Celenis	27/02/23	Obtención de bioetanol a partir de residuos orgánicos	Francisco Deive	Emma Veiga Laura Moure	Salomé Álvarez
IES Valadares	10/03/23	Avaliando o Street Art da túa zona	Santiago Pozo	Alexandra Fernández Sofía González María González	Elena Alonso
IES Johan Carballería	13/03/23	Eficiencia del pellet de chopo	Raquel Pérez e David Patiño	Hugo Bastón Andrés Paz Javier Santos Mario Santos	Pablo Eguía
IES Plurilingüe A Paralaia	19/04/2023	Ensaio con motor Perkins	Raquel Pérez e David Patiño	Raúl Piñeiro Álvaro Justo Lía Barcia	Francisco Deive
IES Plurilingüe A Paralaia	19/04/2023	Fabricación de electrónica para arpas eléctricas	Raquel Pérez e David Patiño	Estevo Santamarina Miguel Moledo	Francisco Deive
IES Valadares	17/03/2023	Estudo da influencia dos parámetros operativos nas emisións de gases dos MCI alternativos	David Patiño	Pedro Costas Daniel Costas Xian Torres	Pablo Eguía
IES Aquis Celenis	29/03/2023	Avaliando e conservando o Street Art da túa zona	Iago Pozo	Inés Blanco Paola Díaz Ana Gómez	Elena Alonso

10 INSPIRA STEAM

Ao longo do curso 2022/23 persoas egresadas e profesorado do centro participaron como mentores/as do programa Inspira STEAM, proxecto que ten como obxectivo o fomento de vocacións científico-tecnolóxicas entre nenas. O programa está impartido maioritariamente por mulleres profesionais da investigación, ciencia e tecnoloxía. En representación da Escola participaron este curso Teresa Rivas, Raquel Pérez, Elena Alonso, Iago Pozo e Juan Jesús Rico.

11 Redes sociais

As redes sociais en activo son:

- **Instagram:** <https://www.instagram.com/Escuelaminasyenergiavigo/?hl=es>

Cun total de 1343 seguidores.

- **Facebook:** <https://www.facebook.com/Escuelaminasyenergiavigo/>

Cun total de 877 seguidores.

- **LinkedIn:** https://www.linkedin.com/organization-guest/company/Escuela-de-ingenier%C3%ADa-de-minas-e-energ%C3%ADa?challengeId=AQF2RXEsCmo7BAAAAXNjQgwfmacYVvznXRNLQD934_wmfa

XbK1S4LhQHGPB1OchyO-lSCwYce_7H9W8YHz5JqM8gyPB374dKA&submissionId=eb3f2582-4eed-2216-b7e7-d108fccf7a4d

Cun total de 1115 seguidores.

- *Twitter*: https://twitter.com/eme_vigo?lang=es

Cun total de 472 seguidores.

- *YouTube*: <https://www.youtube.com/channel/UC0-4jP2KBPwuMBBuSbBP5hg>

Cun total de 66 subscritores.

12 MINERXÍA vol. 3 (curso 2022-2023)

Seguindo a estela dos dous cursos anteriores, estase traballando no terceiro número da revista da EME, MINERXÍA. Nela recóllese información do desenvolvemento da vida académica do centro: temas relacionados con docencia, investigación, mobilidade, divulgación científica, cultura, deporte, formación académica extracurricular e igualdade. Tamén inclúe un apartado sobre a necesidade de profesionais dedicados ao mundo da enerxía e á xestión de recursos minerais para acadar unha sociedade aliñada cos obxectivos da Axenda 2030 e desta maneira garantir o acceso universal aos servizos dunha enerxía segura, sostible e moderna.

Este ano MINERXÍA atópase en proceso de redacción co obxectivo d publicala nas derradeiras semanas de decembro.

13 Valoración do Plan de Promoción da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do curso 2022-2023.

A modo de resumo preséntase os principais datos en relación ás actividades de promoción da Escola.

Durante este curso 2021-2022, persoal da EME visitou 47 centros para impartir conferencias temáticas de divulgación científica, atendendo directamente a 2637 estudantes. A exposición itinerante estivo en 13 centros galegos.

Realizáronse 5 obradoiros de recoñecemento de minerais *de visu* (un total de 121 estudantes) e 7 nos IES que así o solicitaron (cun total de 228 asistentes). A EME organizou os obradoiros de recoñecemento de minerais de dúas das feiras de minerais máis importantes de Galicia: a de Santiago de Compostela e a de Guláns en Ponteareas (cun público asistente de 800 rapaces e rapazas).

17 centros realizaron algunha das actividades da *Aula Aberta á TecnoCiencia* (711 asistentes).

A través da organización do SIE (Servicio de Información ao estudantado) 17 IES pasaron pola EME para recibir información sobre os nosos graos cun total de 344 asistentes.

3 IES participaron en sesións de Xornadas de Portas Abertas (108 asistentes).

Cabe sinalar que a participación da EME no programa STEMBach aumenta curso a curso, defendendo o seu proxecto un total de 21 estudantes do bienio 2021-2023 e titorizando profesorado da EME proxectos do bienio 2022-2024.

Celebráronse os concursos:

- ENFOCA.RME2022
- Contos para a EME 2022
- MULLE.RME2023
- MARETA.RME 2023.

A presenza da EME nas redes sociais (*Facebook, Instagram, Twitter, LinkedIn e YouTube*) foi axeitada e a través delas deuse visibilidade aos graos e as actividades desenvolvidas na Escola.

Cabe sinalar que o persoal da EME atendeu directamente a un total de 4949 estudantes de ESO e Bacharelato, sen contabilizar a atención en outras actividades nas que non é sinxelo recoller a información do alumnado atendido (feiras educativas e o resto de eventos que se recollen no informe e dos que se proporciona una estimación do número de persoas asistentes). En calquera caso a cifra de alumnado atendido directamente é moi relevante e aumentou substancialmente respecto ao dato do curso anterior, motivo que xustifica unha boa valoración das actividades realizadas no marco do Plan de Promoción das titulacións do centro.

Cabe indicar que, aínda que o conxunto actividades realizadas desde a Escola en materia de difusión e promoción das titulacións é moi variado e de gran alcance, polo número de persoas ás que se accede directamente, non se reflicte posteriormente nos indicadores de captación de estudantado. No marco de elaboración do Programa Estratéxico do centro valoráranse as liñas de traballo orientadas á captación de estudantado, o que podería supoñer axuste das actividades realizadas polo centro en materia de promoción e difusión da oferta formativa do centro.

ANEXO I

Vigo, 14 de xullo de 2022

Prezado/a amigo/a:

Son Santiago Pozo, subdirector da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**, e compráceme amosarlle as actividades que oferta a nosa Escola, totalmente gratuítas, que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro:

CHARLAS DIVULGATIVAS E MONOGRÁFICAS

Pomos a súa disposición dous tipos de charlas: i) sobre os graos que se imparten no noso centro: **Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos** e **Grao en Enxeñaría da Enerxía**, para amosar as competencias e saídas profesionais do noso alumnado, e ii) charlas monográficas centradas nun tema específico, algúns dos títulos son:

- Materiais intelixentes e outras aplicacións
- Física Re-Creativa: <http://www.clickonphysics.es/>
- Recursos minerais en Galicia/España
- Termografía infravermella
- Aspectos medioambientais na explotación de recursos
- Restauración de espazos afectados por explotacións mineiras
- Escándalo das emisións en motores diésel (*Dieseltgate*)
- Conservación do *street art*
- Tecnoloxía láser aplicada á conservación do Patrimonio construído
- ¿Que fai un/unha enxeñeiro/a de minas conservando patrimonio cultural?
- Minaría espacial
- Sustentabilidade na explotación de recursos mineiros.
- A chispa azul: a enerxía do mar.
- O cambio climático e o seu efecto en estruturas críticas
- A importancia das materias primas minerais na transición enerxética

Ademais destes títulos, se no seu instituto estiveran interesados nalgún tema en concreto, relacionado con **MATERIAIS**, **ENERXÍA** e **MEDIO AMBIENTE**, poderíamos preparar unha charla. O conferenciante desprazaríase ao seu centro nun horario acordado previamente. Duración: charla sobre os graos (20 minutos) e charla monográfica (45 minutos).

ACTIVIDADES RELACIONADAS CON IGUALDADE

No marco do compromiso do noso centro pola igualdade, tamén organizamos as seguintes actividades:

- Charla monográfica: A muller en enxeñaría. Charla de 45 minutos que pode ser impartida no seu centro ou na nosa Escola.
- Concurso **Contos_eme2022**. Trátase dun concurso de microrrelatos. Achégase cartel coas bases, e poden atopar máis información na nosa web, no enlace: http://minascenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/concursos/contos_eme-2022/

OBRADOIRO DE RECOÑECIMENTO DE MINERAIS

Unha das actividades máis demandadas é o **Obradoiro de Recoñecemento de Minerais**. Nesta actividade, ademais dun recoñecemento *de visu* dos principais minerais, facemos fincapé na presenza destes na nosa vida cotiá e nos procesos de extracción dos mesmos.

Duración: 2 horas.

AULA ABERTA Á TECNOCENCIA

Un motivo para visitar a nosa Escola é a nova **Aula Aberta á TecnoCencia**. Trátase dun espazo no cal desenvolvemos actividades manipulativas divididas en varios módulos: *Combustión, Xeotecnoloxías, Termografía Infravermella, Física, Materiais, Enxeñaría química e Enxeñaría do terreo*. Nestas sesións o seu alumnado poderá adquirir coñecementos científicos e técnicos a través da práctica. **Achégase folleto informativo nesta carta.**

Duración: 2 horas.

EXPOSICIÓN ITINERANTE

Ofrecemos a posibilidade de albergar no seu centro educativo unha exposición de carácter didáctico e itinerante sobre Recursos Naturais de Galicia, Materiais e Reciclaxe, Restauración de Espazos Naturais, na que se describen os recursos enerxéticos e minerais dos que dispón Galicia e como é o seu aproveitamento actual. Consta de cinco *banners* con soporte autoportante de fácil montaxe.

Tempo de concesión: segundo as necesidades do seu centro.

ACTIVIDADES DE PORTAS ABERTAS

Finalmente, sería un pracer recibilos na data que ao seu centro lle viñera mellor, de maneira que o seu alumnado poida coñecer as nosas instalacións e asistir a unha serie de actividades relacionadas con **MATERIAIS, ENERXÍA e MEDIO AMBIENTE**. Consistiría nunha visita aos diferentes laboratorios da Escola na que os estudantes realizarán actividades vencelladas á enxeñaría de materias, termografía, explosivos e tecnoloxía enerxética.

Duración: 2 horas.

Por todo isto, se considera que algunha destas actividades pode resultar interesante para o seu alumnado, pónase en contacto connosco a través do e-mail (eme@uvigo.es) ou teléfono (986 130 211 // 986 814 077). A duración indicada para cada actividade é estimada. Gustaríame indicarlle que ao longo do curso iranse deseñando novas actividades, que lle serán comunicadas. Tamén pode seguir as nosas actividades a través de *instagram* [#escuelaminasyenergiavigo](https://www.instagram.com/escuelaminasyenergiavigo/), na nosa páxina do Facebook *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa web: <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.



José Santiago Pozo Antonio
Subdirector de relacións externas e mobilidade
eme@uvigo.es // Teléfono: 986 13 02 11 // 986 81 40 77

Vigo, 20 de xullo de 2022

Prezado/a amigo/a:

Son Santiago Pozo, subdirector da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía**, e comprácame invitarlle a participar nos concursos convocados por esta Escola para o vindeiro curso académico 2022/2023 e que poden ser de interese para completar o contido das materias impartidas no seu centro.

- **ENFOCA.RME 2022:** Trátase dun concurso de fotografía e vai dirixido ao público en xeral. A data límite de envío de fotografías é o 7 de novembro do 2022. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2022 na EME.
- **CURTOMETRAXES ENERXÉTICAS 2022.** Este concurso vai dirixido ao público en xeral. Trátase de realizar unha curtametraxe de como máximo 5 minutos, onde se amose un tema relacionado con enerxía eficiente, reciclaxe, desenvolvemento sustentable, enerxías renovables, etc. A data límite de envío de curtametraxes é o 7 de novembro do 2022. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2022 na EME.
- **MAKETARME 2023:** Nesta ocasión os estudantes de 3º-4º ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS poderán amosar os seus coñecementos en pneumática, hidráulica ou robótica na construción dunha maqueta que se corresponda con maquinaria, cunha vivenda sostible ou cunha central de enerxía renovable como eólica, hidráulica, xeotérmica, etc. O concurso e entrega de premios celebraranse na EME en maio 2023. Os equipos interesados deberán enviar a folia de inscrición antes do 30 de abril do 2023.
- **CONTOS_EME 2022.** Trátase dun concurso de microrrelatos encadrado no marco do compromiso pola igualdade da nosa Escola. Deberá ter unha extensión mínima de 200 palabras, máxima de 300 e estar escrito con letra Arial 11 e entreliñado de 1 liña. O prazo de presentación remata o 30 de outubro de 2022, ás 20h. A entrega de premios será na primeira semana de decembro do 2022 na EME.

Achegámoslle carteis coas bases de cada un destes concursos. Así mesmo, ten toda a información na nosa web <http://minaseenerxia.uvigo.es/es/institutos/divulgacion/>

Finalmente, convidámoslle a seguir as nosas actividades a través de *instragram* [#escuelaminasyenergiavigo](#), na nosa páxina do *Facebook* *Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía* ou na nosa web <http://minasyenergia.uvigo.es/gl/>

Moitas grazas polo seu tempo e reciba un cordial saúdo.



José Santiago Pozo Antonio
Subdirector de relacións externas e mobilidade
eme@uvigo.es // Teléfono: 986 13 02 11 // 986 81 40 77

Vigo, 10 de xaneiro de 2023

Estimado compañeiro/a:

Son Raquel Pérez, subdirectora de divulgación científica e captación de alumnado da **Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (EME)** da Universidade de Vigo.

Dende a Escola queremos desexar un feliz 2024. Por iso, enviámosvos o noso calendario, no que se visibilizan os ámbitos nos que desenvolven o seu traballo os nosos titulados a través das fotografías presentadas aos nosos concursos fotográficos.

Ademais queremos lembraros os concursos que temos abertos para o ano 2024, dos que achegamos as bases. Animámosvos a presentar os traballos do alumnado do voso centro:

MAKETA_RME 2024: Neste concurso os estudantes de 3º-4º ESO, BACHARELATO E CICLOS FORMATIVOS poderán poñer a proba o seu enxeño e creatividade reforzando os seus coñecementos en pneumática, hidráulica, circuítos e automática, na construción dunha maqueta dunha instalación na que se manifeste a busca da eficiencia enerxética. Poderán presentar maquetas de vivendas, centrais e plantas de enerxías renovables, etc. Os equipos interesados poderán inscribirse ata o **30 de abril de 2024**.

MULLE_RME 2024. Concurso fotográfico o cal buscamos dar visibilidade á muller nas actividades relacionadas coa profesión de enxeñaría de minas e enerxía: xeración, transformación, transporte e uso da enerxía, enerxías renovables, explotación de minerais e rochas, túneles e obras subterráneas, restauración de espazos mineiros, avaliación de impacto ambiental, fabricación e uso de materiais, explosivos, etc. A data límite de envío de fotografías é o **23 de febreiro de 2024**.

Para calquera aclaración podedes remitir calquera dúbida ao enderezo: emc@uvigo.es

E podedes atopar máis información sobre estas actividades consultando a nosa páxina web: <http://minasyenerxia.uvigo.es/gl/institutos/divulgacion/concursos/>.

Moitas grazas polo teu tempo e recibe un cordial saúdo.



Raquel Pérez Orozco

emc@uvigo.es // Teléfono: 986 81 34 23 // 648 210 312